

abrente CIG

Secretaría da Muller da CIG

Couto de S. Honorato 92, Ent. Vigo, GALIZA

Día da muller traballadora



8 de MARZO

Réxime Xeral da Seguridade Social

Salario mínimo interprofesional

Traballadoras/es dende 18 anos	60.570
traballadoras/es menores de 18 anos	46.650

Bases de cotización Aaccidentes de Trabajo e Enfermidade Profesional

Máximo		349.950
Mínimo	maiores 18 anos	60.570
	menores 18 anos	46.650

Réxime Traballadoras/es autónomas/os		Réxime empregadas/os de fogar	
Base mínima	93.810	Base	70.680
Cuota mínima	27.017	Cuota	15.550
Incremento por tramo 3.000 pts.			
Cuota máxima	100.786		

Taboa

As mulleres non podemos permitirnos ningún paso atrás	3
Evolución da situación laboral da muller en Galiza	4
O orgullo e a dignidade invadiron as ruas de Galiza	6
Traballadores e traballadoras fixeronno patente na xornada de folga do día 27	6
A reforma laboral	6
As 'Medidas' da Reforma Laboral	7
A sanidade, moi alonxada da realidade da muller	8
Asinouse o primeiro	9
convenio galego de perruquerías	9
Auxe e decadencia dun sector fundamental da economía galega	10
<i>A importancia do sector na economía galega</i>	10
<i>Desmantelamento e condicións de traballo</i>	10
'El Cisne': Unha conserveira pirata e unha loita de mulleres	11
Unificación do sindicalismo galego	12



As mulleres seremos das máis afectadas pola precarización do emprego

XURXO LOBATO

As mulleres non podemos permitirmos ningún paso atrás

Hai un ano, nestas mesmas datas, as Secretarías da Muller dos Sindicatos con presenza en Galicia, faciamos un balance do que fora o ano 1992 no plano laboral para as mulleres e estabamos de acordo en concluir que os efectos de crise política, social e económica, afectaron ao mercado de traballo acusando unha forte destrución de emprego que se víu agravada pola política do goberno ("Decretazo") que recortaba as prestacións por desemprego, afectando de xeito especial ás mulleres ao representar o índice máis alto de contratación temporal e a tempo parcial.

Iniciábase o 1993 con millores perspectivas que, sen embargo, non chegaron a facerse realidade. Finais do 1993 e principios de 1994 pasarán á historia do movemento obreiro como o intento do Goberno de levar a cabo a maior recesión na situación laboral e nos dereitos das traballadoras e traballadores.

As medidas xa aprobadas e aquelas que están aínda en proxecto son un duro golpe para a clase obreira no seu conxunto e poñen en perigo os progresos realizados no logro da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no campo laboral.

A eliminación da obrigatoriedade de contratar a través das oficinas de emprego, a nova regulación para os contratos a tempo parcial e os contratos de prácticas, e a creación dos novos contratos de aprendizaxe, contribuen a facer máis precaria a situación socio-laboral que caracteriza o emprego das mulleres.

Estas medidas están en perfecta concordancia cun intento, a nivel internacional, de relegar ás mulleres ás tarefas domésticas e ao cuidado da familia, non sen motivo créase o "Ano Internacional da Familia" para 1994, cun claro carácter regresivo.

Nesta mesma idea, e para completar o marco espacial, o Goberno Galego crea unha "Consellería da Familia, Muller e Xuventude", sen precedentes en ningunha outra parte e que ten como finalidade, segundo manifestacións da propia Conselleira, protexer a familia e fomentar o número de fillas e fillos que será tarefa fundamental das mulleres.

Neste contexto, as mulleres non podemos permitirmos NINGUN PASO ATRAS, hoxe máis que nunca debemos, con firmeza, camiñar SEMPRE ADIANTE.

Evolución da situación laboral da muller en Galicia

Ao falarmos da muller no mundo laboral a primeiros de 1.900, temos que enfocalo a un determinado tipo de muller: A MULLER DAS CLASES POPULARES pois, aínda que non tivera conciencia do seu dereito a traballar asalariadamente, tiña que exercer este traballo por imperiosa necesidade económica familiar.

A principios de Século xa estaban establecidas en Galiza determinadas industrias que reclamaban preferentemente a man de obra feminina. O sector Conserveiro implantábase progresivamente por todas as Rias e na zona norte existía, ademais da industria conserveira, algunhas empresas Textís e a Fábrica de Tabacos da Coruña que daquela empregaba a máis de 3.000 mulleres.

Ademais da participación das mulleres nas industrias antes sinaladas, traballaban asalariadamente en outros tipos de traballos. As xornaleiras eran moi numerosas así como as mulleres que traballaban no servizo doméstico como serventas e nodrizas ou nos

talleres de confección como sastras, modistas, nos portos, nas descargas de peixe, no pequeno comercio como dependientas, etc., sen esquecer os traballos agrícolas no campo.

Coidamos importante valorar estes tipos de traballo porque non podemos asumir que a introdución da muller no mundo do traballo sexa algo recente. As mulleres das nosas clases populares tiveron sempre que soportar duros traballos mal pagados e infravalorados. A man de obra feminina era moi reclamada polos empresarios da época porque ademais de ser extremadamente barata contaba coa garantía da súa pasividade á hora de manter actitudes reivindicativas. Aínda que non sempre. Na Segunda República houbo folgas protagonizadas só por mulleres.

A pasividade reivindicativa das mulleres traballadoras daquela entón ten moito que ver coa falta de conciencia do seu dereito ao traballo e de entender ese exercicio como a súa modesta aportación á economía familiar. O que si tiñan claro era que a súa obriga fundamental eran as tarefas domésticas e mesmo o traballo no agro. Non podemos esquecer que os propios partidos e sindicatos de esquerdas aínda recoñecendo o dereito ao traballo da muller preferían que esta quedara na casa porque a súa incorporación ao mundo do traballo supoñía, segundo eles, abandono dos fillos, paro, descenso dos salarios masculinos e competitividade entre homes e mulleres.

O feito histórico da emigración (que a maior parte das veces significaba na práctica o abandono

do fogar do home emigrado), a Guerra Española (que apartou a moitos homes da terra e da súa xente), as tremendas condicións da posguerra, fixeron que até aproximadamente os anos sesenta as mulleres da clase traballadora galega tiveran que aturar multitude de traballos penosos, mal pagados e peor considerados. Ninguén pode dicir que as mulleres non servimos para traballar en sectores que non sexan os tradicionais, pois daquela moitas traballaron na construción, nas canteiras cando o traballo era manual, nas fábricas etc. As mulleres en tempos de dificultade sempre estivemos á altura das circunstancias demostrando a nosa capacidade de traballo.

A muller galega, igual que calquera outra que tivese que traballar fora do fogar, non podía aproveitar esta circunstancia para mellorar a súa situación na sociedade. Suxeita a unha cultura Patricarcal que imponía a soberanía do home, dominada por imposicións relixiosas, exponentes máximas desa mesma cultura, mantiñase nunha absoluta submisión. Traballar non era un dereito senón unha desgracia por ser pobre. Por eso aceptaban con resignación a súa situación. Durante a Revolución Francesa aínda que foron moitas as mulleres que participaron nela os revolucionarios só recoñeceron os dereitos do home e do cidadán. A muller seguía sen ser recoñecida como persoa pero si estaba capacitada para recibir o castigo da guillotina. Houbo outros feitos históricos máis recentes que foron fundamentais para mellorar a situación feminina.

Na historia polo recoñecemento dos dereitos das mulleres si tivo moito que ver a loita levada adiante polas mulleres burguesas. No século XIX cando imperaban xa na sociedade





ideas liberais, mesmo cando xa se practicaba o exercicio da Democracia masculina, as mulleres burguesas tomaron actitudes reivindicativas para esixir igualdade de dereitos políticos e sociais para as mulleres. A loita das sufraxistas inglesas que conqueiron por primeira vez o voto marca todo un fito histórico que foi marcando progresivamente o camiño doutras conquistas. Non hai dúbida que o contacto que mantiveron estas mulleres coa educación e a cultura foi fundamental para despertar nelas a conciencia de querer superar as desigualdades sociais. Para a muller das clases populares isto era máis difícil sumerxida como estaba nun total analfabetismo. Non obstante a loita que os obreiros levaron adiante contra a explotación salvaxe que exercía sobre eles a Burguesía levaba consigo tamén ideas democráticas, solidarias e igualitarias. A muller galega pode votar por primeira vez ao implantarse no Estado Español a Segunda República. A sociedade ía avanzando no recoñecemento dos dereitos das persoas, e ás mulleres, aínda que moito máis lentamente, tamén se ían recoñecendo.

O despertar feminino en Galiza tivo un retraso moi grande con respecto a outros Países e Estados Europeos. As galegas igual que o resto das mulleres do Estado Español tiveron que esperar case ao remate da Dictadura de Franco para conquistar avances xa establecidos noutros lugares.

A desgracia emigratoria de Galiza tivo paradoxicamente, a partir dos anos 60, unha influencia positiva na

evolución da muller. Moitas foron as que se marcharon. Alemaña, Gran Bretaña, Bélxica, Francia etc. forón o seu destino. Sitios onde todo era moi diferente. Na Terra as cousas tamén comenzaban a cambiar. As mozas comenzaron a estudar para poder empregarse e aínda que a maioría deixaba o traba-

llo ao casar comenzaban a ter a experiencia dun mundo laboral que aínda explotándoas tratabaas mellor.

A partir desas mesmas datas as mulleres traballadoras galegas participaron en todos os procesos de loita reivindicativa a pesar da dura represión que se exercía. A folga das traballadoras da Fábrica de Alvarez ao inicio dos 60 foi unha das primeiras e máis importantes das que se levarían a cabo de alí en diante, e que deron ao Movemento Obreiro Galego o empuxe necesario para trocar unha situación por demáis inxusta.

As galegas igual que o resto das mulleres do Estado Español tiveron que esperar case ao remate da Dictadura de Franco para conquistar avances xa establecidos noutros lugares.

Os sectores tradicionais de Textil, Conserva, etc. deixaron de ser case os únicos onde a muller podía atóparse a traballar. Comenza a ocupar posto na Banca, na Administración Pública, na Sanidade, pero non só como enfermeiras, pois isto foi sempre o seu labor, senón tamén como médicas e en case todas as ramas de actividade. (Avogadas, xuízas, Profesoras de Universidade). Cada vez máis a muller ocupaba postos de traballo até alí reservados aos homes. Seguía a traballar despois de casar e afianzaábase na súa conciencia, con claridade, a importancia da súa independencia económica

Tamén melloraron as condicións laborais (salarios, categorías profesionais ect.) A loita por mellorar estas condicións foi dura. Non só se atopaban coa intransixencia da patronal e a inxusticia das leis laborais senón tamén coa incompreensión dos compañeiros, acostumados a estar sempre en situación de superioridade. Non é estrano escoitar aínda hoxe a homes que non entenden como na súa empresa unha muller gana o mesmo salario ca eles.

As Leis Laborais recollen hoxe melloras e mesmo tratos de igualdade co home que non se levan á práctica. As baixas ou excedencias por fillos - por exemplo- son só asumidas pola nai, agás algúns casos anecdóticos, mesmo tamén as saídas cos fillos ao médico e poderíamos enumerar algúns casos máis, pero coidamos que son suficientes para tirar a conclusión de que as mulleres debemos asumir na maternidade a mesma actitude de responsabilidade que os homes ou, o que é o mesmo, ¡os homes a mesma actitude de responsabilidade que a muller!. As mulleres temos que ser as primeiras en asumir e poñer en práctica estas melloras. Temos que conseguir que esta igualdade na asunción de responsabilidade familiares sexan aceptadas como normais polos nosos compañeiros, polos compañeiros da nosa Central e por toda a sociedade en xeral. Só así avanzaremos na igualdade social con respecto ao home ao conseguir que certas melloras se efectivicen na práctica diaria.

En resumo, queremos na nosa valoración final ser optimistas pero non podemos esquecer a realidade na que vivimos, unha realidade dominada por unha profunda crise económica e unha reforma laboral que pode reducir as melloras conseguidas ao longo de tantos anos de loita das mulleres. Só de nós depende seguir avanzando, mantendo o conseguido até hoxe, até chegar a plena igualdade social con respecto ao home. Da nosa conciencia e capacidade de loita depende.

O orgullo e a dignidade invadiron as ruas de Galiza

Traballadores e traballadoras fixéronno patente na xornada de folga do día 27

Nunca como nos días anteriores á FOLGA XERAL do 27 de xaneiro se fixo tanto esforzo por parte daqueles contrarios á mesma para intentar convencernos da súa inutilidade. O Goberno, o PP, o PSOE e a Patronal non debían considerarse suficientes para ese labor que tiveron que ser arroupados por unha lexión de persoeiros que, parece ser, entenden e opinan de todo e que deben pensar que representar moito. Intentouse impoñer á opinión pública a idea de que os sindicatos non representan a ninguén, que son unha pandilla de irresponsables que consiguen levar adiante as folgas a través de ameazas e coaccións.

Fronte a esta actitude estivo o traballo sindical, o traballo sacrificado de todos aqueles compañeiros e compañeiras dispostos a defender, a pesar das dificultades, os intereses da clase traballadora. Non se escatimaron esforzos para explicar o que representa a reforma laboral e para difundir a mensaxe da necesidade de defender as melloras sociais conseguidas.

O que fixo posible o éxito da folga do 27 de xaneiro foi a conciencia da realidade na que vivimos, a comprobación de que cada vez se deterioran máis as nosas condicións económicas e sociais. Os traballadores e traballadoras perciben perfectamente como esa sociedade do benestar e do progreso que en campañas electorais nos están a vender está sendo secuestrada polos poderes financeiros. Danse perfectamente conta de que as desigualdades sociais son cada vez máis profundas e que o goberno non realiza unha política que o impida.

Non é casualidade que as mobilizacións máis grandes de todo o Estado fosen en Galiza. De novo imponse a realidade, a realidade dun País que se atopa gobernado por un partido que ademais de non defender os seus intereses entende a reforma laboral como insuficiente. Tampouco é casualidade que as mobilizacións e o paro masivo do noso País sexa silenciado polos medios de comunicación do Estado. Quérese ocultar a imaxe

real dun pobo vivo e decidido a defenderse.

O 27 de xaneiro milleiros e milleiros de homes e mulleres libres exerceron o dereito democrático a defender os seus intereses e, de paso, os intereses de todos e todas. Algúns saían das súas empresas, outros das súas casas pero todos e todas camiñaban decididos, mesmo semellaban orgullosos. Os homes e mulleres das distintas comarcas de Galiza facían patente coa súa presenza nas impresionantes manifestacións o orgullo de ser traballadores demostrando que estaban dispostos a afrontar a defensa da súa dignidade.

O goberno non pode pasar por alto a resposta dos traballadores nesta Folga Xeral. Por moito que o goberno e a patronal se empeñen en minimizar as cifras de traballadores e traballadoras que secundaron o paro a realidade imponse e está por enriba do que eles queren facer crer. É necesario que o teñan en conta. Os traballadores e traballadoras así o demandan.

A reforma laboral

Ante a crise que está padecendo a economía española o Goberno Central decidiu poñer en práctica unha serie de medidas co dobre obxectivo, segundo eles, de incentivar a economía e de loitar contra o paro creando emprego. Entre estas medidas está a Reforma Laboral.

Desde a Secretaría da Muller da C.I.G., opoñémonos a esta reforma laboral porque consideramos que non ven solucionar a crise senón que vai gravar, vai perxudicar aínda máis aos traballadores e ás traballadoras, o sector social que xa vén padecendo

dende hai anos máis gravemente esta situación.

Nós pensamos que esta situación económica é consecuencia da política económica decidida pola Comunidade Europea nos Acordos de Maastricht e que esta política está sendo efectivizada en España polo Goberno Central poñendo en práctica esese acordos. É a política de Convergencia da que se falaba hai pouco. As distintas medidas que se están a impoñer derivan desa política e teñen como fin facilitar a adaptación do mercado de traballo a esa nova situación. Trátase

de reducir costes en perxuicio dos traballadores e traballadoras.

O Goberno Central impuxo por decreto unha serie de "Medidas Urxentes de Fomento da Ocupación" e pretende impoñer outras, previa aprobación polo Parlamento Español, que modificarán, para peor, o E.T. Contra estas medidas a clase obreira galega vimos de manifestarnos con rotundidade o pasado 27 de Xaneiro e seguiremolo facendo conscientes da gravidade das mesmas. De non facelo así moitas das melloras conquistadas nas últimas décadas perderanse.

As 'Medidas' da Reforma Laboral

1.- Medidas Urxentes de Fomento de Ocupación. Decreto Lei 18/93 de 3 de Decembro.

* Elimínase a obriga de contratar a través das oficinas de emprego.

* Autorízase a existencia de Axencias Privadas de Colocación. Estas axencias cobrarán e seleccionarán as/os traballado-ras/es que consideren máis apropiados.

* Permite a actividade de empresas de traballo tempo ral que poderán ceder temporalmente os seus traballadores e traballadoras a outras empresas.

* Refórzase a precarización laboral:

- Contrato de Aprendizaxe: Para xóvenes de 16 a 25 anos contratados ata períodos de tres anos por un salario sempre inferior ao salario mínimo interprofesional. Non se lles garantiza conseguir por esa vía unha titulación. Non cobrarán subsidio de desemprego nen I.L.T. (incapacidade Laboral Transitoria) por enfermidade común ou accidente non laboral.

- Establécese unha nova regulación para o contrato a tempo parcial: realizable por un cómputo anual inferior á xornada habitual. Aca-

bará co réxime de contratación fixo-discontinuo e substituirá nas empresas aos traballadores e traballadoras fixos por traballadores "multiusos". Cando o contrato a tempo parcial sexa inferior a 16 horas semanais o/a traballador/ra non terá consideración de relación laboral nin dereito a prestacións por xubilación, desemprego, invalidez ou accidentes de todo tipo.

* Elimínase o subsidio de desemprego ás persoas que non teñan familiares ao seu cargo ou con fillos maiores de 26 anos.

Estas medidas contribúen a precarizar aínda máis o emprego das mulleres, ofrecendo unha redución im-

portante do salario para as máis xóvenes e dificultando as posibilidades de percibir unha xubilación digna unha

vez rematada a súa vida laboral para as traballadoras a tempo parcial e as fixas discontinuas.

2- A Reforma do Estatuto dos Traballadores.

* Pretende modificar a actual lexislación social básica no que fai referencia a salario, xornada, clasificación profesional, mobilidade funcional, modificación das condicións de traballo e mobilidade xeográfica, suspensión de contratos, despidos colectivos e negociación colectiva.

* Producirá a desregulación de condicións de traballo hoxe en día viventes:

- Elimínase o máximo de xornada diaria de 9h., podendo obrigar a traballar ata 12h. diarias.

- Elimínase o descanso semanal obrigatorio, podendo obrigar a acumular cada 15 días o actual descanso semanal.

- As h. extras cobraranse como ordinarias.

- Desaparece o concepto de categoría profesional.

- Poderán obrigar a fragmentar as vacacións en varios períodos ao longo do ano.

- Poderán reducir o salario ou fixo, incrementando os complementos.

- Poderán obrigar ao traballador ou traballadora a realizar traballos distintos da súa actual categoría.

* Desaparece o control da Administración sobre traslados e modificación de condicións de traballo.

- Por vontade do empresario os traballadores e traballadoras poderán verse obrigados a trasladarse de centro, cambiar o turno de traballo e modificar as súas funcións laborais.

* Facilitase e abarátase o despido:

- O empresario poderá despedir sen a

intervención da Administración nin control:

- A 10 traballadores/ras ao trimestre en empresas de menos de 100 traballadores/ras.

- O 10% da plantilla, nun trimestre, en empresas de 100 a 300 traballadores/ras.

- A 30 traballadores/ras nun trimestre en empresas de máis de 300 traballadores/ras.

- O empresario poderá alegar causas económicas, tecnolóxicas, de produción ou de organización.

- Para os despidos colectivos, redúcense os prazos de tramitación do expediente de 30 a 15 días. Se hai silencio administrativo o despido está aprobado.

- Mantense a indemnización de 20 días por ano, cun máximo de 12 mensualidades.

Ademais destas medidas podemos destacar:

* Conxélese o salario de todos os traballadores e traballadoras (funcionarios e laborais) ao servizo das Administracións.

* Négase de novo o dereito á negociación colectiva dos empregados/as públicos.

* Redúcense as prestacións de máis de un millón de desempregados.

* Elimínase a protección a máis de 200.000 parados e paradas en estado de necesidade.

* Trátanse as prestacións por desemprego como se fosen salarios (cotizan I.R.P.F. e Seguridade Social).

* Pérdida de poder adquisitivo das pensións.

* Faise máis difícil o acceso a unha pensión pois preténdese ampliar o número de anos cotizados para ter dereito.

Rexeitamos a Reforma Laboral porque non vai favorecer a creación de emprego, sinón unha recolocación dos traballadores e traballadoras, vai orixinar unha discriminación dos contratos fixos e un aumento dos contratos temporais, a tempo parcial e en precario e porque non solucionará o problema do paro dos máis xoves.

Rexeitamos esta Reforma Laboral porque consideramos que estas medidas afectarán máis negativamente ás mulleres polos criterios sociais que imperan aínda hoxe no mundo do traballo. Séguese considerando que as mulleres non precisan gañar tanto

coma os homes, que non dispoñen de tempo suficiente para adicar ao traballo debido ás súas obrigacións familiares: a dobre xornada, os fillos, que non é cabeza de familia, en fin, non se considera impensable o sue traballo fora da casa.

As mulleres seguirán sendo as primeiras en ser despedidas e os contratos que consigan serán en peores condicións aumentando a súa precarización laboral.

Non podemos permitir que se deteriorenen unhas condicións de traballo e de vida ás que como persoas temos dereito.



X.L. SUAREZ CANAL

Unha das reivindicacións pendentes de conquistar pola muller na súa loita contra a discriminación é o dereito e a defensa dunha sanidade integral que contemple as nosas necesidades asistenciais.

A única preocupación que amosan os gobernos, central e autonómico, no tema da saúde da muller son as estadísticas. Isto tradúcenno en algo tan insólito como as campañas de prevención do cancro, destinadas a mulleres maiores de 50 anos. Descubren a ciencia exacta na medicina, pois, segundo isto, as mulleres até cumprir os 50 están fóra de todo perigo de desenvolver un cancro de mama, pero todas quedamos fóra dun cancro ou dunha infección xinecolóxica.

Se en vez de facer campañas co único fin de ter presenza nos medios de comunicación, elaborasen unha política sanitaria coa implantación de xeito obrigatorio na atención primaria de saúde dos programas da muller, que contemplasen todas as nosas peculiaridades, garantirían así unha boa asistencia sanitaria.

A meirande parte destas prestacións sanitarias quedan en mans de con-

A sanidade, moi alonxada da realidade da muller

sultas privadas, pois para algo temos que servir, para dar lucro.

Como en outros aspectos onde a "crise" afecta máis directamente ás mulleres, e coa creación institucional da sección feminina, denominada oficialmente Consellaría da Muller, algúns pasos tibios que se deran na sanidade estanse a retroceder a pasos axigantados. Voltamos á chamada recuperación de valores, onde é máis propio das mulleres o temor, a pureza, etc... que a educación e o descubrimento do teu propio corpo.

Cunha boa educación sexual, cun fácil acceso aos métodos anti-conceptivos, cun respecto ao dereito da muller a decidir por sí mesma, evitaríamos ser xulgadas por unha sociedade hipócrita e irresponsable, sendo a muller a que poida decidir libremente o poder acudir a un centro sanitario que con todas as garantías faciliten a interrupción voluntaria do embarazo.

Os restrictivos orzamentos da Conse-

llaría de Sanidade están a limitar aos poucos centros de planificación familiar existentes na Galiza, dado que están a recortar os seus cadros de persoal, tendo estes unhas listas de espera interminables. Os centros de educación sexual de adolescentes subsisten gracias aos esforzos dos/as profesionais máis que aos orzamentos que reciben dos organismos oficiais.

As mulleres exiximos que o diñeiro público destinado a sanidade se invista en base a necesidades reais, entendidas estas sen ningún tipo de falsos perxuízos, dado que no sistema público hai profesionais dispostos a prestar unha boa asistencia sanitaria, sen estar suxeitos estes aos cambios políticos.

Unha vez máis a clase política masculina demostra a súa incapacidade nun tema tan importante como é a saúde da muller, condenándonos coa súa ignorancia a unha sanidade moi alonxada da realidade.

Asinouse o primeiro convenio galego de peluquerías



A loita por convenios galegos empeza a dar os seus froitos

O mércores 9 de febreiro do 94 foron asinados en Compostela os convenios a nivel galego de Peluquerías de donas e o convenio de Peluquerías de Cabaleiros, unisex e beleza.

Hai que suliñar que é un gran avance conseguir este convenio a nivel nacional, aínda que o noso obxectivo é chegar a firmar un convenio único xa que aínda parécenos discriminatorio a desigualdade existente entre ámbolos dous convenios. Esperamos que os empresarios na vindeira negociación acepten chegar a un único convenio galego.

É un gran avance conseguir este convenio a nivel nacional, aínda que o noso obxectivo é chegar a firmar un convenio único

De tódolos xeitos o noso primeiro paso é conseguir chegar a tódalas peluquerías da nación e que os/as traballadores/as do sector saiban que xa teñen un salario estipulado e legal que os empresarios teñen que respectar e pagar.

É unha tarefa difícil conseguir eliminar "as malas artes" dos empresarios neste sector, sobre todo o que se refire a contratación, salarios, etc. É casi imposible facer desaparecer das súas mentes a precariedade. Nalgúns casos hai peluquerías que non están dadas de alta nin en Facenda nin na Seguridade Social, noutros os que non están dados de alta son os/as traballadores/as, é dicir, a maioría está sen contrato laboral.

A preocupación real das centrais sindicais cara ao futuro son os contratos de aprendizaxe que, sobre todo neste sector, se utilizarán de abondo e os/as traballadores/ras seguirán sendo utilizados como man de obra barata. Só para rematar comentaremos que estes convenios foron asinados por CCOO e CIG e que UGT soamente firmou o convenio de Peluquerías de Donas.

Auxe e decadencia dun sector fundamental da economía galega



SEBASTIAO SALGADO

A conserva en Galicia deu pe a creación de moitas outras industrias

A implantación da industria conserveira en Galiza tivo lugar a finais do século XVIII. A consolidación e expansión internacional do sector vai dende 1907 até 1936, sendo Arxentina, Italia e Francia os países que máis comerciaban co Estado Español importando o 75% da produción conserveira galega. A política industrial aplicada na primeira etapa da postguerra leva a un progresivo empeoramento do sector. Na década dos 60, a posta en marcha de planos de desenvolvemento, consegue certa recuperación dado o incremento das exportacións cunha tendencia á estabilización que chega até o ano 81. A existencia deste sector posibilitou a creación doutras industrias, como as fábricas de cartonaxe, metalgráfica, e as de fariña. A partir do ano 81 entra-se nunha grave crise motivado polo "affaire" do aceite de colza. A entrada do Estado Español na CEE e os propios problemas estruturais do sector –con capital e direccións familiares– levan a que, dende o 81 até o 85, pechen o 50 por cen das empresas existentes no Estado Español, sobre todo as pequenas empresas de menos de 20 empregados.

A importancia do sector na economía galega

Na cativa configuración industrial da Galiza, a fabricación de conservas xogou un papel importante favorecendo o dinamismo industrial. Este sector aproveita os nosos recursos naturais convertíndo-os en produtos rematados que se venden en todo o Estado e a outros países.

Galiza produce máis do 50% do total da produción do Estado.

De todo o emprego asalariado na industria transformadora representa o 11,25 % en postos de traballo e o 50% da industria alimentaria galega, ocupando o terceiro lugar despois do naval e do textil.

Desmantelamento e condicións de traballo

A industria conserveira galega está a pasar por unha etapa de desmantelamento. Hai que ter en conta que nos comezos, chegou a exportar o 90% da súa produción e entre os anos 68 e 80 un 33%. Os últimos datos son do 88 e case non chega ao 25%. Como se sabe, hoxe en día, están a entrar conservas marroquinas, tailandesas, sulcoreanas e doutros países coa conseguinte repercusión negativa para a economía do noso país.

En canto aos postos de traballo, uns 10.000 no ano 90, é de destacar que o 80% dos traballadores do sector

son mulleres. Dende os seus comezos o plantel destas industrias estaba formado por mulleres, agás os postos técnicos ou mecánicos, mellor remunerados que os manuais. Traballaba-se o tempo que "o amo" cría necesario nunhas condicións laborais miserábeis. Estas condicións cambiaron sensiblemente a partir dos anos 60, aínda así, Galiza estaba discriminada do resto do Estado, cunhas diferencias salariais que poderíamos cifrar arredor de 10.000 ptas. mes. Na actualidade as condicións laborais pódense considerar algo mellores.



CARLOS A. LAGO

As traballadoras de 'El Cisne' manifestanse contra a perda do emprego

'El Cisne': Unha conserveira pirata e unha loita de mulleres

" EL CISNE S.A. " é unha empresa conserveira que chegou a ter 130 traballadoras. na actualidade conta con 82. Nun principio era, como todas as conserveiras galegas, unha empresa familiar. Con posterioridade constitúese en Sociedade Anónima, construíndo unha fábrica en San Sadurniño (Ferrol) ao abrigo da Z.U.R. Na factoría de Vicedo viña-se traballando con máis ou menos regularidade : os 181 días que estipula o convenio. No ano 93, a empresa decide non chamar ao persoal a traballar sen dar ningún tipo de explicación. As traballadoras atopan-se

entón nunha situación de inseguridade total xa que a empresa non apresentou expediente de Regulación, nen suspensión de pagos, nen quebra e tampouco admite que estexan despedidas. Estas mulleres, despois de presentar diante da autoridade laboral demanda por despido, que obtén sentenza favorábel de despido nulo con readmisión, entrevistan-se cos Conselleiros de Industria e Traballo para que insten ao Empresario a presentar un plan de viabilidade e que actúe dacordo coa responsabilidade que ten diante das traballadoras e das institucións. Tamén se levaron

a cabo mobilizacións e denunciaron-se os feitos nas institucións competentes, pero o problema segue sen preocupar-lle aos supostamente responsabeis, agás ás traballadoras e a certas persoas da comarca sensibilizadas con este feito, sen precedentes que coñezamos, para A Mariña e o Ortegal: o aniquilamento dunha empresa que no 91 facturou arredor de 3000 millóns de pts. e que conta con 82 postos de traballo. A destrución, sen escrúpulos, desta riqueza é unha brutal arremetida contra o dereito ao traballo e á liberdade destas traballadoras cun difícil futuro.



A unificación do sindicalismo nacionalista abre un futuro esperanzador para as/os traballadoras/es galegos

Unificación do sindicalismo galego

Logo dun proceso de unidade de acción sindical, as centrais sindicais nacionalistas Confederación Xeral dos Traballadores Galegos e Intersindical Nacional de Traballadores Galegos, o 2 de abril de 1990 constitúen a Convergencia Intersindical Galega.

Esta primeira confluencia tivo un carácter electoral e supuxo un afianzamento do sindicalismo galego e a consideración legal de "sindicato máis representativo" para a CIG. No 1993, as dúas Centrais Sindicais, toman o acordo congresual de unidade orgánica, en xaneiro a CXTG e en abril a INTG. A partir deste momento, iníciase o proceso de debate

interno e de conversacións entre as dúas Centrais para acordar as condicións desta unificación.

Marzo do 94 foi a data que se acordou para a confluencia definitiva e, así, o 19 dese mes, no Auditorio de Galicia en Compostela, celebrábase o I Congreso da CIG que suporá un fito histórico no sindicalismo nacionalista. Este feito abre grandes expectativas

entre as traballadoras e traballadores galegos ó representar, o noso, o modelo sindical que mellor defende os intereses da clase obreira galega. Temos o convencemento de que, coa unidade orgánica das dúas Centrais nacionalistas, seremos a primeira forza sindical de Galicia, abrín-dose un futuro de esperanza nun presente de incertidume.